

## Acta da Sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Cerceda de 28 de maio de 2020.

Ao amparo do disposto no artigo 46.3 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e en atención as circunstancias excepcionais de grave risco colectivo que impide a celebración presencial da sesión plenaria, sendo as 21 horas e 5 minutos do día 28 de maio de 2020, réunese de forma telemática o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rodríguez García, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

### Asistentes:

#### Grupo Municipal Socialista:

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gómez

#### Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.

#### Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

### Orde do día

#### Acordos

**Primeiro.** Aprobación , se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación inicial do documento de aprobación inicial da modificación puntual das NNSS de Cerceda para a reclasificación de solo urbanizable e a súa ordenación detallada do sector en Areosa (Queixas).

**Segundo.** Aprobación , se procede, da proposta ditaminada da rectificación do Inventario de Camiños municipais para dar de baixa varios que se relacionan.

**Terceiro.-** Aprobación, se procede, da ratificación do Decreto 355/2020 de solicitude do POS ADICIONAL 2/2020.

**Cuarto.-** Aprobación, se proceda, da ratificación do Decreto 356/2020 de solicitude do POS+ADICIONAL 1/2020 para financiamento de gastos sociais e extraordinarios derivados do COVID-19.

#### Fiscalización e control.

Primeiro: Dación de conta dos Decretos de Alcaldía, nº 937 a 1089/2019.

Segundo: Mocións.

Terceiro : Rogos e Preguntas

En atención as circunstancias técnicas que concurren na celebración telemática do plenario, a suxerencia do Secretario Xeral, a Alcaldía propón ó Pleno a adopción do sistema de voto nominativo, o cal é aprobado por unanimidade.

**Primeiro. Aprobación , se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación inicial do documento de aprobación inicial da modificación puntual das NNSS de Cerceda para a reclasificación de solo urbanizable e a súa ordenación detallada do sector en Areosa (Queixas).**

#### **Antecedentes**

“Por iniciativa de Gestora de Subproductos de Galicia S.L. (GESUGA) se presenta en data 22 de decembro de 2017 un documento de modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cerceda, dun sector no lugar de Areosa (Queixas). Esta modificación puntual ten por obxecto a reclasificación do solo rústico en solo urbanizable e subseguinte ordenación detallada do sector.

Por Resolución de 23 de agosto de 2017 se aproba o informe ambiental estratéxico e se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a presente modificación puntual das NNSS para a clasificación de solo urbanizable e ordenación detallada do sector en Areosa-Queixas. Dito informe foi publicado no DOGA. Núm. 171, de 8 de setembro de 2017.

Forman parte do expediente os informes dos contratistas do servizo de recollida de residuos, de abastecemento de auga e saneamento; da subministradora de enerxía eléctrica; así como da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de e a Secretaría Xeral de Infraestructuras do Ministerio de Fomento.

Consta no expediente de aprobación informe técnico elaborado por la Arquitecta municipal, como esixe o artigo 60.6 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia. Consta así mesmo informe xurídico elaborado pola Secretaría Xeral (i. 39/2019), elaborado en cumprimento do citado artigo 60.6, así como do artigo 3.3.c do Regulamento polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter Nacional, aprobado polo Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo

#### **Consideracións xurídicas**

Corresponde ao Concello, según o preceptuado no artigo 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en adiante LSG, a aprobación inicial do documento de modificación do planeamento xeral, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente.

Aprobado inicialmente o documento, someterase a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e nun dos periódicos de máis tirada de Galicia.

Este acordo, que o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LBRL) residencia no Pleno da Corporación, deberá ser aprobado cos votos favorables da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, como así establece o artigo 47.2 II) da LBRL.

Obstentando o Pleno do Concello, conforme o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a atribución da aprobación inicial do planeamento xeral, propónse o seguinte

#### **Acordo**

**Primeiro.** Aprobar inicialmente o documento de aprobación inicial da modificación puntual das NNSS de Cerceda para a reclasificación de solo urbanizable e a súa ordenación detallada do sector en Areosa (Queixas).

**Segundo.** Someter o documento de modificación a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e nun dos periódicos de máis tirada de Galicia.

A documentación sometida a información pública deberá incluír os documentos integrantes do plan, un resúmen executivo e, no seu caso, o estudo ambiental estratéxico e un resúmen non técnico do mesmo”.

#### *Intervencións que se citan:*

*O voceiro do PP, solicita que se explique mais o tema xa que son moitos hectareas, asegura que é unha operación moi importante, e que non é bo para o medio ambiente, e adianta que non pode apoiar a proposta e que este é un día triste para Cerceda.*

*O voceiro do BNG dí que é a transformación de mais de cen mil metros cadrados de rústico a urbanizable, promovido por unha empresa que durante moitos anos non pagou impostos e o ano pasado financiou un festival. Vai tratar residuos animais de moitas provincias e do norte de Portugal, e califica o feito como esperpéntico , asegura que xa está ben de tanto cheiro e tanta merda, e adianta que promoveran a oposición veciñal.*

O Alcalde interven aseurando que non se vai rebaixar a discutir todas as alusións, que non o van levar a Estocolmo. Asegura que non supón un cambio de actividade e que se crearan máis de 20 postos de traballo directos. Afirmo que están todos os trámites e o mantemento da autonomía local, segue a dicir, que non contaba que tiveran tampouca visión como para non apoiar unha proposta avalada técnica. Con respecto os comentarios do concelleiro do BNG di que se apartan da sociedade cercedense, que o difícil é facer un discurso de equilibrio, e non hai nada obxectivo en contra.

Seguen intervindo os concelleiros sostento os argumentos anteriores.

E remata as intervencións o Alcalde reafirmando que está informado favorablemente polo Secretario e a Arquitecta, e demais entidades informantes.

Sometido a votación nominal resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros que se citan:

D. Juan Manuel Rodríguez García.

Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Dna. María Carmen Martínez Barreiro.

D. Jesús Rama Bello

Dna. Catrina Queijo García

D. Angel Gestal Gómez.

Seis votos en contra dos seguintes concelleiros:

D. José Francisco Santos Regueiro

Dna. Celia López Pallas.

Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez

D. Jesús Picón Pardo

Dna. Lorena García Costa.

D. Alberto Sánchez Regueiro

## **Segundo. Aprobación , se procede, da proposta ditaminada da rectificación do Inventario de Camiños municipais para dar de baixa varios que se relacionan.**

O Sr. Alcalde-Presidente procede ca lectura da proposta:

“As Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lle pertencan, de conformidade co artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril. Así mesmo, o artigo 32.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, básico, establece que as Administracións Públicas estén obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflexar a situación xurídica e o seu destino o uso para o que se dedicarán. O artigo 32.4, tamén básico, da mesma lei dice que as entidades locais incluírá, alo menos, os bens inmoables e os dereitos reais sobre os mesmos.

Tanto a Lei como o Regulamento de Bens establecen a obriga de elaboración dun Inventario Xeral dos Bens e Dereitos, pero sin perxuízo do cumprimento desta obriga, cabe a posibilidade de elaborar un Inventario parcial referido a unha parte sustancial dos bens demaniais dun Concello, especialmente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como son os camiños.

Co fin de proceder inventario de camiños, en Concello-Pleno celebrado o 23/7/2009, aprobouse inicialmente o inventario de camiños municipais. Procediouse a exposición pública do mesmo durante un periodo de dous meses a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 11 de agosto de 2010.

Como consecuencia do resultado da exposición pública, foi necesario unha modificación do proxecto aprobado inicialmente de tal magnitude, que fixo necesaria unha nova exposición ao público. A tal efecto, foi publicado anuncio de información pública no Boletín Oficial da Provincia, núm. 141, de 26 de xullo, polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación.

Informadas as alegacións tanto do primeiro como do segundo trámite de exposición pública, resulta un documento final do Inventario, que en sesión de Concello Pleno celebrada o 16 de outubro de 2013, aprobouse definitivamente.

Pois aínda despois das dúas exposicións públicas, e tras o paso do tempo detectáronse erros no Inventario, tanto de oficio como a instancia de parte, que se enumeran:

1. Camiño en Espiñeira-Xesteda, ca numeración 1C.1.1141. a solicitude de M<sup>a</sup> Josefa Regueiro Areoso, dito camiño ten parte do seu trazado polo interior dunha parcela privada que está delimitada por un peche que conta con licencia de obra, chegando incluso a atravesar unhan construción agrícola.
2. Camiño en Cabalar-Xesteda, ca numeración 1C.1.1062, a solicitude de Emilio González Bello, por ser este un camiño de servizo entre parcelas.
3. Camiño de Viris a escombrera-pista de Viris, ca numeración 1C.1.0513, a solicitude por Manuel Orgeira Mosquera, por ser un camiño de servizo de parcelas.
4. Camiños en Pontoxo, a instancia de Jesús Rogelio Aleja Seoane, 1C.1.0222,1C.1.0220,1C.01.0219,1C.1.0218, 1C.1. 0217, 1C.1. 0216, 1C.1. 025, 1C.1. 0216, 1C.1. 0227, 1C.1. 0218, 1C.1. 0219, 1C.1. 0230, 1C.1. 0231, 1C.1. 0232, 1C.1. 0233 e 1C.1. 0239, por ser de servizo das parcelas agrícolas forestais polas que discorren.
5. Camiño de Coba das Andes a estrada -camiño de Coba das Andes a Brañas das Pegas, a instancia de María Pena Tasende, 1C.1. 0873 (52.50 m) tramo final por tratarse dunha senda nunha parcela privada.
6. Camiño a casas da Silva-Camiño a prados da Silva, a instancia Manuel Jesús Vázquez Pallas, 1C.1. 0901, 99 metros lineais o final do camiño, por ser un camiño de servizo entre parcelas.
7. Camiño en Arroio (Encrobas), a instancia de Ana María García Candal, 1C.1. 0128 tramo B-D (123 m) según se grafía en informe, por ser camiños interiores en parcela e non teñen continuidade.

Instruídos os expedientes correspondientes e comprobados os datos aportados, tendo en conta a mínima dificultade técnica e a suficiencia dos documentos acreditativos, non se considera a necesidade de incoar procedemento de investigación.

Tendo en conta a lexislación aplicable:

- Constitución Española
- Código Civil
- Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 1378/1986, de 13 de junio, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando que o órgano competente para a aprobación do Inventario é o Pleno da Corporación, tamén ó é para a súa conformidade para a conforme establece o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, de aprobación do regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese á aprobación o seguinte

#### **Acordo**

**Primeiro.** Rectificar o Inventario de Camiños Municipais, dando de baixa os camiños que se relacionan:

1. Camiño en Espiñeira-Xesteda, ca numeración 1C.1.1141.

2. Camiño en Cabalar-Xesteda, ca numeración 1C.1.1062,
3. Camiño de Viris a escombrera-pista de Viris, ca numeración 1C.1.0513,
4. Camiños en Pontoxo, 1C.1.0222,1C.1.0220,1C.01.0219,1C.1.0218, 1C.1. 0217, 1C.1. 0216, 1C.1. 025, 1C.1. 0216, 1C.1. 0227, 1C.1. 0218, 1C.1. 0219, 1C.1. 0230, 1C.1. 0231, 1C.1. 0232, 1C.1. 0233 e 1C.1. 0239,
5. Camiño de Coba das Andes a estrada -camiño de Coba das Andes a Brañas das Pegas, 1C.1. 0873 (52.50 m) .
6. Camiño a casas da Silva-Camiño a prados da Silva, 1C.1. 0901, 99 metros lineais o final do camiño,
7. Camiño en Arroio (Encrobas), 1C.1. 0128 tramo B-D (123 m) según se grafa en informe.

**Segundo.** Notificar ós interesados coa indicación dos recursos que lle corresponden.

**Terceiro.** Remitir o presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma”.

*Intervencións que se citan:*

*O voceiro do PP manifesta que non os revisaron todos solo algúns dos camiños, que non lle parecece oportuno que sexa o Pleno o que faga de xuíz, colida que habería que falalo con todos e non só con quen fai a proposta.*

*O voceiro do BNG, pregunta si se contrastaron as alegacións.*

*Contesta o Alcalde que son todo cuestións técnicas e que teñen un informe favorable, que non hai moito máis que dicir.*

Sometido a votación nominal resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros que se citan:

D. Juan Manuel Rodríguez García.

Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.

Dna. María Carmen Martínez Barreiro.

D. Jesús Rama Bello

Dna. Catrina Queijo García

D. Angel Gestal Gómez.

Cinco votos en contra dos concelleiros seguintes:

D. José Francisco Santos Regueiro

Dna. Celia López Pallas.

Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez

D. Jesús Picón Pardo

Dna. Lorena García Costa.

E unha abstención do concelleiro don Alberto Sánchez Regueiro.

**Terceiro.- Aprobación, se procede, da ratificación do Decreto 355/2020 de solicitude do POS ADICIONAL 2/2020.**

Explica e da lectura a proposta o Sr. Alcalde-Presidente:

“Tendo en conta que o prazo de presentación desta liña de axudas remata o día 29/5/2020, as 15.00 horas, e a celebración do Pleno ordinario está prevista para as 21.00h do día 29/5/2020, ante a pouca marxe entre a aprobación e a presentación, decidiuse a previa aprobación por Decreto da Alcaldía, a fin de dar tempo suficiente a súa presentación na plataforma.

No exercicio das atribucións que lle otorga ó Pleno do Concello o artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local proponse a adopción do seguinte

**Acuerdo**

**Primero.** Ratificar o Decreto da Alcaldía nº 355/2020, de aprobación POS+ADICIONAL 2/2020 e Decreto da Alcaldía nº 375 /2020 de corrección de erro.

**Segundo.** Notificar o presente acordo a Excm. Deputación Provincial da Coruña.”

*Non se producen intervencións.*

Sometido a votación nominal resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros:

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelan Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gómez.

Seis abstencións dos concelleiros:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz Mª Bello Vázquez  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.  
D. Alberto Sánchez Regueiro

**Cuarto.- Aprobación, se proceda, da ratificación do Decreto 356/2020 de solicitude do POS+ADICIONAL 1/2020 para financiamento de gastos sociais e extraordinarios derivados do COVID-19.**

Procede o Sr. Alcalde-Presidente a lectura do acordo :

“Tendo en conta que o prazo de presentación desta liña de axudas remata o día 29/5/2020, as 15.00 horas, e a celebración do Pleno ordinario está prevista para as 21.00h do día 29/5/2020, ante a pouca marxe entre a aprobación e a presentación, decidiuse a previa aprobación por Decreto da Alcaldía, a fin de dar tempo suficiente a súa presentación na plataforma.

No exercicio das atribucións que lle otorga ó Pleno do Concello o artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local proponse a adopción do seguinte

### **Acuerdo**

**Primero.** Ratificar o Decreto da Alcaldía nº 356/2020, de aprobación POS+ADICIONAL 1/2020 por gastos sociais derivados do COVID-19.

**Segundo.** Notificar o presente acordo a Excm. Deputación Provincial da Coruña.”

*Intervencións que citan:*

*Pregunta o Sr. Santos si é material comprado para o futuro, tamen manifesta que lle gustaría ter unha relación dos gastos derivados do COVID, e pregunta en que se van gastar os cartas.*

*Responde o Sr. Alcalde que son gastos que houbo e outros que vai haber, que pensa en ter un plan para os autónomos para a semana seguinte.*

Sometido a votación nominal resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros:

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.

D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gómez.

Seis abstencións dos concelleiros:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.  
D. Alberto Sánchez Regueiro

#### **Quinto.-Aprobación , se procede, da adaptación do réxime de retribucións de adicacións exclusivas e parcial.**

O Alcalde-Presidente procede ca lectura :

“Tendo en conta os cambios desta Corporación Municipal, compre a adaptación do réxime de retribucións exclusivas e parciais. Estas figuraban no anterior acordo de data 2/7/2019, con denominación das concellerías a ocupar, co cual non se adaptan a realidade neste momento. Polo que se cambia a nomenclatura facendo ésta, mais xenérica, sin variar o total do salario.

Vistos os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, que establece que os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercizo do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, na contía sinalada polo propio Concello Pleno. Correspondelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en diante ROF, que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grado de responsabilidade.

Tendo en conta o artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con adicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No exercizo da atribución que me cofire o artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse polo tanto ó Concello Pleno o seguinte

ACORDO:

**Primeiro.** Aprobar a relación de cargos que deberán desempeñarse en réxime de adicación exclusiva, coa súa correspondente retribución bruta anual:

- Dedicación exclusiva 1 : 32.000 euros.
- Dedicación exclusiva 2: 32.000 euros.
- Adicación parcial (37,5 % xornada): 12.000 euros.

**Segundo.** Publicar íntegramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello e no Taboleiro de Edictos do Concello.”

*Intervencións que se citan:*

O concelleiro Sr. Sánchez asegura que lamentable que non se incluíra este punto na Comisión Informativa para debatir algunhas cuestións o respecto. Que lle gustaría aclarar en que términos estaba cobrando.

Contesta o Sr. Alcalde que actuou en base o que se lle dixo, que pretendía manter o que tiña, que foi unha cuestión técnica de Secretaría. Que no relativo a concelleira ela cobra polo seu traballo e no meu caso mantense o soldo anterior pero con máis responsabilidade, sin pretensión de levar medallas.

Sometido a votación nominal resulta aprobada a inclusión no orde do día por sete votos a favor dos concelleiros:

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gómez.

Seis votos en contra dos concelleiros:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.  
D. Alberto Sánchez Regueiro

Sometido a proposta de acordo a votación nominal resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros:

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gómez.

Seis votos en contra dos concelleiros:

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Celia López Pallas.  
Dna. Luz M<sup>a</sup> Bello Vázquez  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.  
D. Alberto Sánchez Regueiro

#### **Fiscalización e control.**

#### **Primeiro. Dación de conta dos Decretos de Alcaldía, nº 937 a 1089/2019.**

Dase conta dos seguintes decretos que se transcriben:

DECRETOS NOVIEMBRE-DECEMBRO 2019

00937/2019 CONVOCATORIA DE COMISIÓN INFORMATIVA 6/11/2019

00938/2019 SOLICITA A BAIXA NO SERVIZO DE MADRUGADORES PARA O SEU FILLO ARON ORGEIRA MARTINEZ

00939/2019 MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 31/2019. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. SUBVENCIONES NOMINATIVAS COMISIONS DE



FESTAS.

- 00940/2019 SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR RAUL GONZALEZ MARTINEZ
- 00941/2019 DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRA "SENDA PEONIL DE ACCESO A ZONA VERDE DO POLIGONO INDUSTRIAL DO ACEVEDO" (PMA 2016-ADICIONAL)
- 00942/2019 PADRON AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA. OUTUBRO 2019
- 00943/2019 PADRON BOS DÍAS COLE OUTUBRO
- 00944/2019 AXUDAS CUSTO DESPRAZAMENTOS INTEGRADO 1ª REMESA
- 00945/2019 DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES OUTUBRO 2019
- 00946/2019 DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES OUTUBRO 2019
- 00947/2019 DESESTIMIENTO DE CONTRATOS MENORES 2019/C002/000019, 2019/C002/000027 E 2019/C002/000028
- 00948/2019 DECRETO DE APROBACION DO PADRON DA TAXA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO MES DE NOVEMBRO 2019
- 00949/2019 Tramitación de Decretos - 9950000019075 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
- 00950/2019 CONVOCATORIA DE PLENO 11/11/2019
- 00951/2019 SECRETARÍA ACCIDENTAL DÍA 11/11/2019
- 00952/2019 APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA "RENOVACION DEL SISTEMA DE DESHUMIDIFICACION DE PISCINA MUNICIPAL."
- 00953/2019 SOLICITUDE PRORROGA PARA A XUBILACION ATA O 12/01/2021
- 00954/2019 CONVOCATORIA XGL 13/11/2019
- 00955/2019 PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE 12/11/2019
- 00956/2019 DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES OUTUBRO 2019, NAC15024IA.019
- 00957/2019 DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES OUTUBRO 2019, DEF15024IA.019
- 00958/2019 DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES NOVEMBRO 2019, H15024IA.A19
- 00959/2019 CONTRATACION PERSOAL TECNICO PARA A ATENCION O ECOMUSEO
- 00960/2019 DECRETO CONTRATACIÓN ORIENTADORA LABORAL 2019
- 00961/2019 APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONS A DEPORTISTAS E ENTIDADES CULTURAIAS 2019
- 00962/2019 MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 32/2019. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.
- 00963/2019 APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/42
- 00964/2019 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A REALIZACION DE ALTERACIONES CATASTRAIS A DESCOÑECIDOS NO CONCELLO DE CERCEDA
- 00965/2019 MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 33/2019. XERACIÓN DE CRÉDITO. POS AD 1-2018
- 00966/2019 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DE MATERIAIS E UTENSILIOS PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE CERCEDA
- 00967/2019 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS, ARRANXO DESBROZADORA STIHL FS 450 DO SERVIZO DE XARDÍNS DO CONCELLO DE CERCEDA
- 00968/2019 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR INSTALACION FOTOVOLTAICA PISCINA CLIMATIZADA (PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020)
- 00969/2019 COMISIÓN DE SERVIZOS E INDEMNIZACIONES I SIMPOSIUM GALEGO DE PARQUES URBANOS CONCELLO DE VIGO
- 00970/2019 APROB.PADRON ACTIVIDADES E PISCINA/NOVIEMBRE /2019
- 00971/2019 ASIGNACION CORRESPONDENTE O ANO 2019 DO BNG
- 00972/2019 RESOLUCION PAGO COSTAS PROCEDIMIENTO ORDINARIO 134/2016
- 00973/2019 DECRETO DE CONCESION DE CAMBIO DE HORARIO NA EIM DA ALUMNA D.G.L CURSO 2019-2020
- 00974/2019 APROBACIÓN DO PLANO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA SENDA PEONIL DE ACCESO A ZONA VERDE DO POLIGONO INDUSTRIAL DO ACEVEDO . PMA 2016-ADICIONAL

00975/2019 TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN 2018.  
 DESESTIMIENTO DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO DO ESTUDIO DO PLAN ESTRATEXICO MUNICIPAL 2019-2030 DO  
 00976/2019 CONCELLO DE CERCEDA  
 00977/2019 ADXUDICACIÓN SERVIZO DE BOS DÍAS COLE  
 00978/2019 DESPRAZAMENTOS  
 00979/2019 COMISIÓNINFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS 21/11/2019  
 ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DE 2 PAPELEIRAS PARA AS BEIRARRUAS DO CONCELLO DE  
 00980/2019 CERCEDA  
 00981/2019 NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL 22/11/2019  
 DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA " CAMIÑO DE SANTA COMBA -BELSAR (XESTEDA),  
 00982/2019 FINANCIADO POLO AGADER  
 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE PARA IMPARTIR FORMACION OBRIGATORIA DE MANIPULADOR DE PRODUTOS  
 00983/2019 FITOSANIARIOS OS TRABALLADORES DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE  
 00984/2019 CONVOCATORIA DE COMISIÓN INFORMATIVA XERAL 25/11/2019  
 00985/2019 2ª CERTIFICACIÓN DE OBRA E FINAL. POS ADICIONAL1/17.- CAMIÑO O ARROIO-MEIRAMA.  
 00986/2019 CONVOCATORIA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS 25/11/2019  
 00987/2019 INCREMENTO INTENSIDADE HORARIA SAF DE D.Q.M.  
 00988/2019 DECRETO DE CONCESION DE CAMBIO DE HORARIO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE A.B.B. CURSO 2019-2020  
 DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL DA ALUMNA D.G.L NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019-  
 00989/2019 2020  
 00990/2019 APROBACIÓN FACTURA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA NA PISCINA CLIMATIZADA  
 00991/2019 DECRETO DE RESOLUCION DE AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-2020  
 00992/2019 DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA ENERXÍAS RENOVABLES  
 00993/2019 APROBACIÓN E PAGO DA LIQUIDACION DO CENTRO DE DIA. 1ºSEMESTRE 2019  
 00994/2019 CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 27/11/19  
 DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA S.L.F. CURSO 2019-  
 00995/2019 2020  
 DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA R.D.R.G. CURSO 2019-  
 00996/2019 2020  
 00997/2019 CONVOCATORIA DE PLENO 28/11/2019  
 00998/2019 NÓMINA NOVEMBRO 2019  
 00999/2019 Tramitación de Decretos - 9760/2019 Resolución de primeras alegaciones No identificar al conductor  
 01000/2019 DECRETO DE EMERXENCIA SOCIAL PARA COMPRA DE ROUPA  
 01001/2019 DECRETO DE CONCESION DE EXENCION DE TAXA NAS ACTIVIDADES DE MUSICA E JUDO PARA N.D.D.  
 01002/2019 APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019-43  
 01003/2019 APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019/44  
 APROBACION DE CONVENIO PARA A INTEGRACIÓN DAS BIBLIOTECAS PUBLICAS MUNICIPAIS NO CATÁLOGO COLECTIVO  
 01004/2019 DA REDE DE BIBLIOTECAS PUBLICAS DE GALICIA  
 01005/2019 DECRETO DE CONCESION DE EMERXENCIA SOCIAL  
 DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA "PAVIMENTACIÓN TRAVESIA DE  
 01006/2019 CERCEDA NA AC-4002. POS 2019.  
 DELEGACION DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO CONSTRUCTIVO VIA VERDE SANTIAGO-TAMBRE-LENGUELLE  
 01007/2019 CONCELLO DE TORDOIA CERCEDA  
 01008/2019 1ª CERTIFICACIÓN DA OBRA. PROXECTO DE ADECUACIÓN E EQUIPAMENTO DO ALBERGUE DE CERCEDA  
 01009/2019 DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA "BEIRARRUAS NA AC-400- A

SILVA". POS 2019

- 01010/2019 DECRETO DE CONCESION DE EXENCION DAS TAXAS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 2019/2020
- 01011/2019 DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA DE RENOVACION DEL SISTEMA DE DESHUMIDIFICACION DE PISCINA MUNICIPAL
- 01012/2019 SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR DANIELA CARRILLO REY. SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORARIO.
- 01013/2019 DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES NOVIEMBRE 2019
- 01014/2019 DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS DERIVADOS DO PADRÓN DE SUMIDOIRO, PORQUE O SANEAMENTO ERA INEXISTENTE NO DOMICILIO
- 01015/2019 SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS.-LAMAS VAZQUEZ EDUARDO
- 01016/2019 DEUDA S.S. (28,72 €).
- 01017/2019 ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE AURELIO BOQUETE BOQUETE
- 01018/2019 DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES NOVIEMBRE 2019
- 01019/2019 Tramitación de Decretos
- 01020/2019 2ª CERTIFICACIÓN DE OBRA:PISCINA LUDICA EN PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA
- 01021/2019 REGULARIZACIÓN IVA PARQUE ACUÁTICO
- 01022/2019 TASACION COSTAS PROCEDEMENTO ORDINARIO 272/2015, JESÚS DAVID CANCELA PENSADO
- 01023/2019 TASACION DE COSTAS PROCEDEMENTO ORDINARIO 139/2017. ROSA MARIA RODRIGUEZ MUIÑO
- 01024/2019 TASACION DE COSTAS 4262/2016. (DESESTIMACIÓN APELACIÓN SENTENCIA 272-2015) JESUS DAVID CANCELA PENSADO
- 01025/2019 PADRON ESCOLA INFANTIL DECEMBRO 2019
- 01026/2019 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA INSERCCIÓN DE ANUNCIO PUBLICITARIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
- 01027/2019 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 34-2019. CONVENIO COLABORACIÓN REFORZOS POLICÍA LOCAL
- 01028/2019 SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL PARA PAGAR O ALUGUER DE R.A.B (SIUSS 1029)
- 01029/2019 SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR MATIAS MARTINEZ LISTE. SOLICITUDE DO PERIODO VACACIONAL.
- 01030/2019 DESESTIMIENTO DA CONTRATACIÓN PARA A RETIRADA E XESTION DE RESIDUOS DO PUNTO LIMPO
- 01031/2019 DECRETO DE APROBACION DO PLANO DE SEGURIDADE E SAÚDE AGADER.- CAMIÑO DE SANTA COMBA -BELSAR (XESTEDA)
- 01032/2019 APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS 2019/45
- 01033/2019 PADRON DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA CORRESPONDENTE AO MES DE NOVIEMBRE DE 2019
- 01034/2019 CONVENIO DE COLABORACIÓN DE POLICÍA LOCAL PARA REFORZO DA PLANTILLA DO CONCELLO.
- 01035/2019 DECRETO CORRECCIÓN ERROS SUBVENCIÓN POLÍGONO INDUSTRIAL
- 01036/2019 DECRETO MODIFICACIÓN CONTA XUST. SUBVENCIÓN LIBROS (A)
- 01037/2019 CONVOCATORIA XGL 11/12/19
- 01038/2019 INCREMENTO INTENSIDADE HORARIA SAF DEPENDENCIA DE DOLORES GENDE LOIS
- 01039/2019 DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES NOVIEMBRE 2019, NAC15024IA.A19
- 01040/2019 APROBACIÓN PADRONS ACTIVIDAD. CULTURAL E DEPORT/ PISCINA DECEMBRO/2019
- 01041/2019 DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES NOVIEMBRE 2019, DEF15024IA.A19
- 01042/2019 APROBACIÓN PROXECTO "VIA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE.TRAMO III-TORDOIA-CERCEDA"
- 01043/2019 CONVOCATORIA DE COMISIÓN INFORMATIVA 16/12/19
- 01044/2019 CONVOCATORIA DE PLENO 17/12/2019
- 01045/2019 DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES DECEMBRO 2019, H15024IA.B19

01046/2019 XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE LIMPEZA DO CPI O CRUCE

01047/2019 AXUDAS CUSTO DESPRAZAMENTO 2ª REMESA  
REDUCION DE INTESIDADE HORARIA DE PRESTACION DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE DORINDA QUEIJAS

01048/2019 MOSQUERA

01049/2019 BAIXA DEFINITIVA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE J.P.P.

01050/2019 INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR C.Q.G  
SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA SOFIA PEREIRO

01051/2019 RODO, PERIODO VACACIONAL

01052/2019 APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2019/47

01053/2019 APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2019/46

01054/2019 ALUGUER FINCA CHOUSA DO CASTILLO DE ARRIBA  
ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PRIVADO ARTÍSTICO PARA O ESPECTÁCULO "A BAILAR COMA TOL@S" DENTRO DA

01055/2019 REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN

01056/2019 CONTINUIDADE NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE E.L.V.

01057/2019 NÓMINA DE PAGA EXTRA E MENSUALIDADE DE DECEMBRO 2019.  
SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR PEDRO

01058/2019 FRAGA BARBEITO  
DECRETO DE CONCESION DE VACACIONES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA SARA CASTRO LOZANO,

01059/2019 SUSTITUE A SOLICITUDE PRESENTADA O DIA 17/12/2019, RE: 201900000004070  
DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL PARA CARLA BELLO BESTILLEIRO NA ESCOLA INFANTIL CURSO 2019-

01060/2019 2020

01061/2019 DECRETO DE CONCESION DE VACACIONES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA GEMA GARCIA RIOS

01062/2019 DECRETO DE CONCESION DE VACACIONES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020

01063/2019 DECRETO DE CONCESION DE VACACIONES NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020

01064/2019 DECRETO DE CONCESION DE VACACIONES NA ESCOLA INAFNTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020

01065/2019 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 35/2019. AXUSTES PERSOAL PECHE EXERCICIO

01066/2019 Tramitación de Decretos

01067/2019 DECRETO DE CONCESION DE EMERXENCIA SOCIAL PARA ALUGUER

01068/2019 NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL

01069/2019 CONCESIÓN E XUSTIFICACION SUBVENCION PARA FESTAS DE CERCEDA, ANO 2019.

01070/2019 DECRETO CONTRATACIÓN 3 PEONS PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

01071/2019 APROBACIÓN 1ª CERTIFICACIÓN DE OBRA CAMIÑO DE SANTA COMBA -BELSAR (XESTEDA). AGADER

01072/2019 CONCESIÓN E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCION PARA FESTAS POPULARES ANO 2019. FESTAS DE MEIRAMA

01073/2019 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 36/2019. PECHE DO EXERCICIO

01074/2019 NÓMINA PEÓNS MEDIO AMBIENTE (INICIO CONTRATO:23-12-2019).  
SOLICITA AUTORIZACION PARA CIRCULAR POLA RUA PABLO IGLESIAS EN HORARIO RESTRINXIDO, POR ESTAR A SUA FILLA,

01075/2019 LUCÍA CANEDO VIQUEIRA, ESCAIOLADA.

01076/2019 DECRETO DE BAIXA DE OFICIO NO PMH DE CLAUDIA FABIANA LIMONCHE ERGAS  
ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA A ACTUACIÓN TEATRAL "EN GALEGO, POR QUE NON?" DENTRO DA REDE

01077/2019 CULTURAL DA DEPUTACIÓN

01078/2019 CONVOCATORIA PLENO 30/12/2019

01079/2019 APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019/48

01080/2019 APORTACIÓN MANCOMUNIDADE DE ORDES 2019

01081/2019 APROBACIÓN DE DIETAS POR DESPRAZAMENTOS

01082/2019 APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRA DA SENDA PEONIL DE ACCESO A ZONA VERDE DO POLIGO INDUSTRIAL DO ACEVEDO . PMA 2016-ADICIONAL

01083/2019 DECRETO RENOVACIÓN CONTRATACIÓN AXENTE TIC (REDE CEMIT).

01084/2019 APROBACIÓN ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS ATA O 27/12/2019

01085/2019 NOMEAMENTO AVOGADO E PROCURADOR PA 229/2019 ALEJANDRO VARGAS

01086/2019 DECRETO DE ALCALDÍA RESOLUCIÓN CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS 2019

01087/2019 INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR R.C.F.

01088/2019 DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN TURISMO XUNTA 2020  
CONSTITUCION DE BOLSA DE EMPREGO DE TECNICOS DE ORIENTACIÓN, PROSPECCIÓN E INTERMEDIACION LABORAL E

01089/2019 ADMINISTRATIVO PARA O PROGRAMA INTEGRADO + EMPREGO.

Queda enterada a Corporación.

### **Segundo. Mocións.**

Non se presentan.

### **Terceiro. Rogos e Preguntas.**

A Presidencia, tras dar lectura ao artigo correspondente ao réxime das preguntas no ROF, anuncia que procederá a partir de ese momento a responder na sesión as presentadas co alomenos vintecatroy horas de antelación. O resto se contestarán na sesión de Pleno seguinte.

Preguntas que formula o BNG.

1.-Sábese algo sobre a senda peonil que pasa pola Gandarouta?. Cáles son as obras previstas e os prazos de execución desta senda?  
*Contesta o Sr. Alcalde fque no POS 2020, que se tarda uns seis meses e da lectura a memoria do proxecto.*

2.-Estase traballando na posibilidade de facer campamento de verán ou similar para a conciliación familiar e laboral?  
*Manifesta que se está abertos a facelos pero hai que ver como será a situación.*

3.-Que se vai facer co parque acuático?Hai previsión de apertura?Cales van ser as medidas de seguridade si se abre?  
*Asegura o Sr. Alcalde, que a intención é abrir, supón que se terán que tomar medidas de control de aforo.*

4.-Hai novidades sobre o proxecto do parque eólico que se quere situar na contorna da central térmica?  
*Dí o Sr. Alcalde que non hai novidades.*

5.-Que tipo de desinfectante se está a usar nas rúas do noso concello? E nas instalacións municipais? Sábese que a OMS non recomenda desinfectar con mestura de lixivia?  
*Procede a dar lectura a un informe técnico ó respecto.*

6.-Os traballadores e traballadoras que están a facer estas desinfeccións recibiron cursos axeitados para realizar ese traballo cos químicos que se usan? Proporcionoulles os EPIS axeitados para o seu traballo?  
*Responde o Sr. Alcalde que os traballadores contan con EIPIS e co asesoramento do servizo de prevención.*

7.-Pensouse desinfectar con eletrolisis salina? Que non é nociva para o medio ambiente e hai empresas galegas na vangarda desta tecnoloxía. Estudiosue usar este método para a desinfección e do parque acuático no sitio de usar cloro e os seus derivados?  
*Manifesta que é o mesmo principio que se usa polos servizos do Concello.*

8.-Cando se vai comezar cas famosas obras do acceso do Colexio o Cruce? Cales son os motivos de proque non están en marcha ou mesmo xa feitas? Outro ano máis imos ter que aguantar sen uns accesos dignos a este colexo?.  
*Asegura que se están pechando a cuestión, para poder facer as obras en vacacións.*

E non habendo mais asuntos que tratar, erguese a sesión sendo as vinte e tres horas, do día que figura no encabezamento da acta.

O Alcalde-Presidente  
Juan Manuel Rodríguez García

O Secretario  
Raúl Martínez Martínez